



PRIMEIRAS VALORACIÓNS DOS RESULTADOS DA ESCAVACIÓN E RESTAURACIÓN NO CASTRO DE VILADONGA DO ANO 2019

Yolanda Álvarez González,

Miguel Ángel López Marcos, Luís Fco. López González

Ao longo dos últimos tres anos (campañas de 2016, 2017 e 2018¹) realizáronse sucesivas campañas de intervención no castro de Viladonga co principal obxectivo da conservación dos restos do xacemento que é BIC dende o ano 2009.

Na derradeira intervención realizada no ano 2018-2019 os traballos centráronse por un lado, na sondaxe aberta nos anos 80 no exterior da croa co propósito de caracterizar e restituír os elementos defensivos, e por outra banda, nos elementos sitos ao NE da croa, no sector 14, onde apareceu unha grande estrutura monumental que se corresponde cun alxibe. Nesta zona atopárense tamén, ao sur do alxibe, restos dunha casa redonda e un empedrado que discorre cara á entrada do castro, paralelo á muralla, sinalando con claridade a existencia dun nivel de pavimentación ao exterior das estruturas. O empedrado está formado por cascallo e laxa de pequeno tamaño e outros tipos de material construtivo susceptibles de ser utilizados como sollado.

¹ Estas actuacións están financiadas polos fondos FEDER e a Xunta de Galicia.



Fig.1 Castro de Viladonga. Ao fondo, estado previo no ano 2016 do sector intervido.

A intervención arqueolóxica desenvolvida nesta campaña actual (2019-2020) é ambiciosa xa que se pretende recuperar todo o grande espazo sito entre a zona do alxibe e a porta leste do castro, levando a cabo tanto os labores arqueolóxicos de escavación como de restauración e acondicionamento. Ademais de traballar nesta zona, interveuse tamén na cara interior da muralla de modo que practicamente toda a metade norte da muralla do recinto superior do castro de Viladonga quedará restaurada.

Respecto á muralla podemos sinalar que ao longo destes tres últimos anos descubríronse tres tramos de escaleiras con distintos graos de conservación que foron postos en valor e que ofrecen unha nova visión da muralla orixinal. As novas descubertas permítenos confirmar que se construíron ata seis tramos de escaleiras de subida á parte superior da muralla na metade norte (aos que teríamos que sumar outros dous accesos correspondentes coas subidas aos "torreóns" das dúas entradas, aínda sen escavar). Os

sucesivos tramos de escaleiras reflicten que existiu na distribución primitiva do poboado unha ronda interior no recinto central que posteriormente foi ocupada para a construción de novas vivendas.

Neste ano, a escavación do sector sito ao sur do alxibe permitiu recuperar tres espazos de habitación asociados á primitiva casa circular xa descuberta na campaña pasada (E-100). Estas dependencias ocupan un espazo que aproveita ao máximo a zona preta ao paramento interior da muralla, colocándose case arrimadas á mesma, de xeito que apenas quedou entre elas e a muralla un estreito calello. As tres construcións dispóñense de norte a sur dende a vivenda E-100 ata a porta leste (defínense como E-105, E-106 e E-107 sucesivamente).

Entre a estrutura circular e a primeira dependencia atopamos neste calello traseiro os restos dunha escaleira de dobre derrame que ascende cara á parte superior de muralla. Conservábase en bo estado

unha gran parte dos seus chanzos e a restauración conseguiu recuperar todo o acceso dende o calello ata a cimeira da muralla, que conservaba aínda máis de tres metros de altura nalgúns tramos. Hai que destacar a existencia dun oco a modo de fiestra no paramento do primeiro edificio (E-105) que se construíu ao fronte das escaleiras e que nunha fase posterior foi cegado seguramente a causa de que a escaleira quedou totalmente en desuso.



Figura 2. Tramo de escaleiras atopado durante a escavación e restos dunha fiestra no paramento da construción E-105, posteriormente cegada.

As dependencias atopadas constrúese en dúas operacións. Nunha primeira fase constrúese a E-105 que se atopa arrimada á vivenda circular, ao sur dela. A súa morfoloxía irregular e o trazado pouco ortogonal do seu muro de peche oeste está condicionada pola necesidade de deixar libre o acceso da vivenda circular, mentres que o paso á construción E-105 realizábase polo lado oeste e vai dar tamén á rúa empedrada que atopamos na campaña do ano pasado.



Figura 3. Detalle do muro leste das novas construcións pegado á vivenda circular (E-100). Vese o tramo novo da muralla xa restaurado.

Nunha segunda operación realízanse as dúas dependencias seguintes (construcións E-106 e E-107 respectivamente). Constrúense á vez xa que o muro traseiro das estruturas é o mesmo e levántase seguido arrimándose sobre o da dependencia E-105. O muro oeste que fai fachada segue paralelo á liña da traseira de xeito que as estancias forman un grupo de vivendas co muro de fachada aliñado onde abren tódolos accesos e van dar todos eles á rúa pavimentada utilizada ata o derradeiro momento de ocupación. Non coñecemos as vivendas doutro lado da rúa xa que se atopan practicamente desaparecidas por diferentes motivos.

As dependencias sufriron unha fase de abandono e derrube e foron reocupadas de novo nunha derradeira etapa que aproveitou algúns espazos, mentres que outros como a dependencia E-106 non volveron utilizarse. A escavación permitiu descubrir como se levantou de novo parte do muro medianeiro entre a estancia E-106 e E-107, despois o oco da porta existente entre ambas tápiase de forma que a construción E-106 non volveu utilizarse, seguramente polo seu estado ruinoso.

As outras dúas dependencias puideron utilizarse neste derradeiro momento de reocupación tardía aínda que de forma pouco intensa xa que non documentamos pavimentos nin apenas materiais asociados a este momento.

Ademais destas reocupacións tardías, a escavación arqueolóxica neste sector puido documentar restos de fases anteriores á construción destas dependencias. Na zona máis ao sur, nos espazos sitios máis preto da porta, escavamos unha sondaxe que deixou ao descuberto varias estruturas pertencentes a momentos anteriores.



Figura 4. Vista xeral de E-106 que sufriu un forte derrube interior no momento final do seu uso e non volveu utilizarse. Vese o oco da porta do muro medianeiro pechado.



Figura 5. Vista xeral das estruturas escavadas. Á dereita vense, baixo a dependencia E-107, os restos dunha estancia circular dunha fase anterior, asociada á zona de paso máis antiga.

Baixo a estancia E-107 documentamos os restos dunha estrutura circular que conserva aproximadamente cinco fiadas do seu baseamento. Foi sobre os muros desta construción circular sobre os que se levantaron os da estancia E-107 de xeito que neste punto documéntanse claramente varias fases construtivas. Os achados nesta nova vivenda circular (E-108) asóciense a restos de cerámicas castrexas da II Idade do Ferro.

Nesta sondaxe puidemos documentar tamén o achado dunha zona de paso empedrada, por baixo da rúa descuberta o ano pasado, asociada ás estancias 100, 105, 106 e 107. A superposición destas rúas confirma a existencia destas dúas fases construtivas principais. Os achados atopados sobre esta nova zona empedrada remiten tamén a cerámicas da segunda Idade do Ferro aínda que non puidemos asociar a

vivenda circular claramente á rúa porque o muro oeste da estancia E-107 rompeu parcialmente os restos da vivenda circular neste sector. Atopamos tamén na zona sita máis ao sur unha gran fosa moderna que afectou á parte máis preta á porta de entrada o que impide asociar estes achados á zona da porta.



Figura 6. Vista dende o sur dos empedrados superpostos que marcan a zona de paso cara á porta leste de entrada ao castro.

A nova zona de paso atopada no nivel inferior conserva o empedrado orixinal e ten nalgúns puntos arranxos do firme co engadido de novas pedras. Está delimitada a ambos os dous lados por uns aliñamentos de grandes pedras de cimentacións nas que destacan grandes bloques de seixos (cuarzo e cuarcita). No lado leste estas pedras forman parte dun baseamento sobre o que se levantan as estruturas de habitación. No lado oeste non se conservan alzados de muros aínda que aparecen varios buratos de poste de tamaño grande na zona da rúa situados na beira deste muro, o que podería ter relación coa existencia dunha zona semicuberta ou coa existencia de cabanas ou estruturas de tipo vexetal no lado oeste. No lado máis ao sur, preto da fosa que destruíu toda esta zona final da escavación, a zona de paso está cortada por outra estrutura muraria que semella ser posterior ao uso inicial da rúa xa que invade a zona de paso e a

deixa practicamente inservible para ese fin. Este muro conserva integrado nel unha peza dun muíño circular reutilizado no paramento.

Ao exterior do muro oeste que delimita a zona de paso atopamos varios buratos de poste e tamén restos de pedras fincadas a modo de calzos de poste formando aliñamentos aínda que a escasa potencia conservada nesta zona escavada en épocas antigas (nas campañas de Chamoso Lamas) non permite recoñecer a morfoloxía completa destas estruturas feitas con materiais vexetais.

Primeiras valoracións

Unha das primeiras valoracións que puidemos obter é consecuencia da propia disposición das novas estruturas atopadas en relación coa muralla. Nos traballos do ano pasado localizouse a casa circular sita entre o alxibe e as novas escaleiras atopada neste ano. Esta construción levantada sobre outras máis antigas é compatible coa existencia das escaleiras xa que respecta o seu espazo. As novas dependencias localizadas este ano ocupan un espazo que pecha totalmente o acceso ás escaleiras. A súa situación nos indica que no momento da súa construción as dependencias ocupan a ronda interior da croa e o paso ás escaleiras quedou pechado polo que a función inicial dos accesos e da muralla cambiou totalmente. A pesar de que a estancia E-105 mantivo un oco na parede para unha comunicación mínima coa zona das escaleiras, o mesmo que ocorre noutra das vivendas do lado sur, o acceso á parte superior da muralla xa non é libre. Nestes intres cambia a organización inicial do poboado que daba prioridade á función das escadas para chegar rapidamente e dende calquera punto á parte superior da muralla. Despois da construción destas novas estruturas xa non é así. Por outro lado a transformación que sofren tamén os elementos defensivos suxire un cambio na forma de uso das

defensas seguramente de cara a unha planificación de orde máis especializada e independente da comunidade que vivía no castro o que nos fai pensar nun momento asociado aos cambios que sofren estas comunidades castrexas no momento da conquista romana deste territorios.

De forma xeral documéntanse neste sector do xacemento dúas principais fases de ocupación, unha delas ligada ao momento final da cultura castrexa e outra posterior, momento no que é ocupado todo o espazo deste sector e se constrúe unha nova rúa sobre a antiga zona de paso. Non obstante xa vimos na intervención do ano pasado que existe unha fase máis antiga na que aparecen restos de cabanas vexetais, unha delas baixo a cabana circular (E-100), que confirmou a súa antigüidade coas novas datas de ¹⁴C obtidas das mostras tomadas o ano anterior.

As datacións obtidas confirman que os niveis con cabanas vexetais do espazo E-50 e do espazo E-100 asócianse á fase máis antiga do castro así como tamén o alxibe, que pertence a esta primeira fase de ocupación do poboado.

REFERENCIA	CÓDIGO LAB.	IDADE 14C (anos BP)	IDADE CALIBRADA (anos cal BC/AD) BetaCal3.21
VD.S14.E50.5.2 (vivenda alongada)	Beta - 533799	2370 +/- 30 BP	539 - 388 cal BC (95%)
VD.S14.E89.27.8 (alxibe)	Beta - 533800	2270 +/- 30 BP	400 - 351 cal BC (49,2%) 304 - 210 cal BC (46,2%)
VD.S14.E100.51.1 (Niveis baixo a E-100)	Beta - 533801	2240 +/- 30 BP	323 - 205 cal BC (70,5%) 390 - 345 cal BC (24,9%)

Táboa 1. Resultados das analíticas do 14C das mostras tomadas na campaña do ano pasado no castro de Viladonga. Datas dos niveis inferiores das estruturas escavadas.

A escavación deste ano polo de agora e a falta de rematar os traballos (aprazados polo estado de alarma xeral), proporciónanos tamén as pegadas dunha reocupación aínda máis tardía que a que xa coñeciamos, momento que reflicte a eliminación do acceso no muro medianeiro entre a dependencia E-106 e E-107. A súa cronoloxía é difícil de precisar pois apenas contamos con materiais rexistrados nestes niveis, pero nos falan da reutilización de espazos e estruturas nesta zona do castro que polo de agora semellan ser parciais e de pouca entidade.

En definitiva as sucesivas ocupacións e transformacións documentadas no castro de Viladonga reflicten o uso do poboado dende o século IV-III a.C., ata o século IV-V d.C. o que o converte nun conxunto arqueolóxico de vital importancia para comprender os procesos de transformación da paisaxe e as comunidades deste territorio dende a II Idade do Ferro ata épocas tardías.

No que se refire aos traballos de restauración e acondicionamento dos espazos, polo de agora téñense rematados os traballos na muralla, tanto do novo tramo escavado ao oeste como das zonas restauradas do lado norte, mentres que estase a realizar aínda a restauración das novas construcións atopadas. A muralla consolidouse, como o resto das estruturas, con morteiros hidrófugos e separando o engadido do orixinal con seixos de pequeno tamaño. Na zona do “torreón” norte da porta oeste realizouse tamén o acondicionamento da ladeira cun recheo de terra da zona sobre pequenos bancais de pedra de lousa, colocada en seco para suxeitar os engadidos.

A zona escavada no sector 14 onde se atopan as novas estruturas descubertas e o alxibe necesita dunha intensa e complicada fase de restauración debido ao seu estado de conservación, á altura dos muros, á superposición de estruturas, e á diversidade dos restos atopados.



Figura 7. Traballos de anastilose dos muros relacionados para a súa posterior restauración



Figura 8. Traballos de escavación e restauración no sector 2 na muralla norte

Bibliografía

- ÁLVAREZ GONZÁLEZ, LÓPEZ GONZÁLEZ, L. F. (2018): "Campaña de intervención no Castro de Viladonga", *Croa*, N.º. 28, 2018, pp. 14-27.
- ARIAS VILAS, F. (1979): *Castro de Viladonga* (folleto Min. Cultura), Lugo.
- ARIAS VILAS, F. (1983): "Novos materiais arqueolóxicos do Castro de Viladonga no Museo de Lugo", *Bol. Museo Prov. Lugo*, I, pp. 203-208.
- ARIAS VILAS, F. (1985): *Castro de Viladonga. Campaña 1983*, Santiago de Compostela. Consellería de Educación e Cultura. Xunta de Galicia. Arqueoloxía/Memorias, 2..
- ARIAS VILAS, F. (1990): *Museo del Castro de Viladonga. Castro de Rei-Lugo*, Madrid. Ministerio de Cultura.
- ARIAS VILAS, F. (1990-91): "Achado dunha contreira no Castro de Viladonga (Lugo)", *Boletín Auriense*, XX-XXI, pp.105-117.
- ARIAS VILAS, F. (1992a): *A Romanización de Galicia*. Vigo. Edicións A Nosa Terra. Historia de Galicia, 4.
- ARIAS VILAS, F. (1992b): "O proxecto de ampliación do Museo do Castro de Viladonga (Lugo)", *Coloquios galegos de Museos*, Ourense-Vigo.
- ARIAS VILAS, F. (1993): "Apuntes sobre a ocupación do territorio na Galicia baixorromana: Castros e Vilas", *Galicia da Romanidade á Xermanización. Problemas históricos e culturais*, Santiago de Compostela.
- ARIAS VILAS, F. (1995): "Chamoso Lamas e a Arqueoloxía lucense: unha revisión", in: *Lugo no Obxectivo de Manuel Chamoso Lamas*. Lugo, Deputación Provincial de Lugo.
- ARIAS VILAS, F. (1996): "Materiales del Mediterráneo Oriental en el Castro de Viladonga (Lugo)", *Actas del Congreso "La Hispania de Teodosio"*. Madrid - Segovia.
- ARIAS VILAS, F. (1997a): "A cultura material galaico-romana". *Galicia Terra Única. I. Galicia Castrexa e Romana*, Santiago de Compostela. Xunta de Galicia., pp.: 218-229.
- ARIAS VILAS, F. (1997b): El Castro de Viladonga y su Museo monográfico, *Restauración y Rehabilitación*, (Madrid), pp.56-64.
- ARIAS VILAS, F. (1997c): "Os museos de sitio arqueolóxico: un intento de revisión crítica", *El Museo de Pontevedra*, LI, pp.293-322.
- ARIAS VILAS, F. (1998): "Sitios musealizados y museos de sitio: notas sobre dos modos de utilización del Patrimonio Arqueológico", *Museo (Revista A.P.M.E.)*, Madrid, n.º 4, pp.39-57.
- ARIAS VILAS, F.; DURÁN FUENTES, M.ª.C. (1996): *Museo do Castro de Viladonga. Castro de Rei-Lugo*. Santiago de Compostela. Consellería de Cultura e Comunicación Social. Xunta de Galicia.
- BONET ROSADO, HELENA; SORIA COMBADIERA, LUCÍA; VIVES-FERRÁNDEZ SÁNCHEZ, JAIME (2011): *La Bastida de les Alcusses*, València, Museu de Prehistòria de València.
- CAAMAÑO GESTO, J.M.; LÓPEZ RODRÍGUEZ, J.R. 1984: "Sigillatas del Castro de Viladonga". *Gallaecia*, n.º 7-8, pp. 138-178.
- CHAMOSO LAMAS, M. (1977): "Las excavaciones del Castro de Viladonga y la problemática que plantean sus resultados", in: *Actas del Coloquio Internacional Sobre el Bimilenario de Lugo*. Lugo. Patronato del Bimilenario de Lugo, pp. 41-46.
- COSTAS GOBERNA, F.J.; HIDALGO CUÑARRO, J.M. (1997): *Los juegos de tablero en Galicia*, Vigo, Celticar.
- DORREGO MARTÍNEZ, F.; RUBIERO DA PENA, A. M.ª: (1998): "Consideracións sobre os temas decorativos na cerámica castrexa de Viladonga", *Croa*, n.º 8, pp. 21-28.

- DORREGO MARTÍNEZ, F.; RUBIERO DA PENA, A. M^a (2001): "Apuntes acerca das asas na cerámica castrexa de Viladonga". *Croa*, nº 11, pp. 25-28.
- DURÁN FUENTES, M^a.C.: *Catálogo de las monedas del Castro de Viladonga*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- DURÁN FUENTES, M^a.C.; FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, P.; VILA MARTÍNEZ, M. (1992): "Grafitos na cerámica do Castro de Viladonga (Lugo)", in: F. Acuña Castroviejo (Coord.): *Finis Terrae. Estudios en Lembranza do Prof. Dr. Alberto Balil*, Santiago de Compostela. Universidade de Santiago de Compostela, pp. 315-332.
- DURÁN FUENTES, M^a.C. (1994): "Algúns útiles de bronce no Castro de Viladonga". *Croa*, 4, pp. 14-15.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C. (2002): "Análisis de los restos faunísticos recuperados en el Castro de Viladonga (Castro de Rei Lugo)", *Croa*, nº 12, pp.7-14.
- LAGE PILLADO, M. (2001): "Fíbulas anulares romanas del Castro de Viladonga", *Croa*, nº11, pp. 29-34.
- LÓPEZ GONZÁLEZ, L. F., *Puesta en valor de Castromaior para fomento del turismo cultural en el Camino de Santiago (Portomarín, Lugo). Actuaciones Arqueológicas Año 2006 y 2007*, Xunta de Galicia.
- LÓPEZ GONZÁLEZ, L. F.; LÓPEZ MARCOS, M. A.; LOPEZ GONZÁLEZ P.; ÁLVAREZ GONZÁLEZ, Y (2017): "Campaña de intervención no Castro de Viladonga, 2016", *Croa*, Nº. 27, pp. 16-31.
- LÓPEZ MARCOS, M. A.; LÓPEZ GONZÁLEZ, L. F.; ÁLVAREZ GONZÁLEZ, Y. (2005): *La recuperación de un yacimiento: El castro de Chano (Peranzanes, León). Puesta en valor del patrimonio arqueológico en Castilla y León*, Junta de C.y L., Salamanca, pp. 115-124.
- LÓPEZ MARCOS, M. A.; ÁLVAREZ GONZÁLEZ, Y.; LÓPEZ GONZÁLEZ, L. F. (2019): "Campaña de escavación e restauración no Castro de Viladonga do ano 2018", *Croa*, Nº. 29, pp. 8-25.
- LÓPEZ MARCOS M. A. and others (2015): "Die Wiedererrichtung der groben statuen. Der temple der millionen von Jahren des Amenophis III", *Antike Welt*, 2, 15.
- LÓPEZ MARCOS. M. A. (2014): "Criterios de conservación en la musealización de yacimientos arqueológicos", *Pátina*, 17-18 pp. 353-368.
- LÓPEZ GÓMEZ, F. Senén (1979): "O folklore do castro de Viladonga e da súa bisbarra", *Actas XV C.A.N. (Lugo 1977)*, Zaragoza, pp. 623-630.
- LLANA RODRÍGUEZ, C.; VARELA ARIAS, E. (1999): "Una aproximación a las actividades realizadas en la zona oriental del Barrio Norte del Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo)", *Croa*, nº 9, pp. 14-29.
- MARTÍNEZ CANTELÁN, J. R. (1981): *Estratigrafía y estructura del Domo de Lugo (sector Oeste de la zona Asturoccidental-leonesa)*, Universidad de Salamanca.
- MARTÍNEZ CORTIZAS, A.; RAMIL REGO, P. et alii (1992): "Estudio edafológico y paleobotánico realizado en el Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo). Campaña 1990", *II Reunión Nacional de Geoarqueología*, Madrid.
- MUÑOZ VIÑAS, S. (2003): *Teoría Contemporánea de la Restauración*, Madrid: Síntesis.
- ZUUREN, A. (1969): "Structural petrology of an area near Santiago de Compostela (NW, Spain)", *Leidse Geol. Med.*, 45, pp. 1-71.

Ademais destes textos existen Informes e Memorias dos traballos realizados anualmente remitidas aos organismos administrativos correspondentes do Ministerio de Cultura e da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.